



## 1.- INTRODUCCIÓN

## 2.- ANÁLISE DO CONTEXTO

## 3.- OBXECTIVOS XERAIS

## 4.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- CENTRADOS NO ALUMNADO
- CENTRADOS NO PROFESORADO
- CENTRADOS NAS FAMILIAS
- CENTRADOS NO EQUIPO DIRECTIVO

## 5.- METODOLOXÍA

## 6.- AVALIACIÓN



CEP PLURILINGÜE IGREXA-VALADARES  
Camiño Caseiro, s/n  
36314 Vigo (Pontevedra)  
Teléfono: 886 111135 FAX: 886 111137  
E-mail: [ceip.igrexa.valadares@edu.xunta.es](mailto:ceip.igrexa.valadares@edu.xunta.es)  
<http://www.edu.xunta.es/centros/cepigrexavaladares/>



## **1.- INTRODUCCIÓN:**

O Plan de acción titorial está integrado no Proxecto Educativo e recollido polo plan xeral do centro, polo que constituirá unha liña de referencia para todo o profesorado. Entendemos que a **orientación escolar debe ir dirixida a todos os alumnos/as**, non só a aqueles que teñan dificultades na súa aprendizaxe. É necesario que cumpra os principios de prevención, desenvolvemento e intervención social.

**O titor/a é a persoa encargada de orientar e aconsellar ao alumnado** dun curso, é o profesor principal da aula. As funcións titoriais e instrutivas deben desenvolverse en paralelo e coa mesma intensidade. A titor/a debe potenciar unha serie de actitudes e valores que permitan ao neno/a comportarse socialmente con madurez, autocontrol e autonomía persoal. **A titoría** non é unha acción illada, senón unha acción colectiva e coordinada que **implica a todos o profesorado e en especial aos titores/as**. Debe intervir naqueles sectores que inciden no contorno escolar, alumnos, familias, profesores. Tamén o titor/a coordinará as contribucións do resto de profesionais que interveñen na educación: profesores/as, psicólogos/as, pedagogos/as, diplomados sociais, médicos, etc. Todo profesor/a na súa acción docente ten que exercer tarefas de guía e de orientación. Sen embargo a función titorial de cada grupo de alumnos debe ser asignada a un profesor determinado. A acción titorial é responsabilidade de toda a Comunidade educativa, e polo tanto debe reflectir os obxectivos fixados e priorizados dentro do Proxecto Educativo.

**O modelo organizativo** no noso centro:



CEP PLURILINGÜE IGREXA-VALADARES  
Camiño Caseiro, s/n  
36314 Vigo (Pontevedra)  
Teléfono: 886 111135 FAX: 886 111137  
E-mail: [ceip.igrexa.valadares@edu.xunta.es](mailto:ceip.igrexa.valadares@edu.xunta.es)  
<http://www.edu.xunta.es/centros/cepigrexavaladares/>



- Na aula e co grupo de alumnos/as a función titorial corresponde a todos os profesores/as e en particular ao profesor/a titor/a.
- No centro a responsabilidade de organización da acción titorial é do equipo directivo (dirección e xefatura de estudos) así como dos coordinadores de nivel.
- O departamento de orientación dará apoio ao titor/a para que este non se atope só nesta inmensa tarefa.
- No sistema escolar coas unidades de equipo interdisciplinar do sector en coordinación con outros servizos e programas.

**Funcións** nas que nos centramos son:

- Integración e inserción do/a neno/a no grupo – clase e dinámica escolar.
- Adaptación escolar inicial.
- Coordinación e seguimento do proceso de avaliación.
- Intervir no proceso de ensino – aprendizaxe.
- Prevención de dificultades de aprendizaxe.
- Hábitos e técnicas de estudo.
- Fomento da tolerancia e convivencia no centro.
- Vinculación da escola coa familia.

Coa aplicación deste P.A.T. **pretendemos** que:

- Exista a unificación de criterios entre o profesorado.
- Que a acción titorial non sexa unha tarefa puntual senón que se trate dun proceso continuo.
- Ter como obxectivo o desenvolvemento persoal do/a alumno/a.
- Responder á heteroxeneidade das aulas. Atención á diversidade.



CEP PLURILINGÜE IGREXA-VALADARES  
Camiño Caseiro, s/n  
36314 Vigo (Pontevedra)  
Teléfono: 886 111135 FAX: 886 111137  
E-mail: [ceip.igreja.valadares@edu.xunta.es](mailto:ceip.igreja.valadares@edu.xunta.es)  
<http://www.edu.xunta.es/centros/cepigrexavaladares/>



## **2. ANÁLISE DO CONTEXTO:**

O centro atópase nun núcleo rural- urbano, preto da cidade- O noso centro comparte docentes con outros centros da cidade, temos preto a nosa escola adscrita EEI Monte do Alba e un centro concertado así como o noso centro adscrito o IES de Valadares con orientadora propio.

Facendo unha análise das **NECESIDADES** que adopta o centro, mediante reunións cos coordinadores de nivel fanse propostas á hora de elaborar o PAT.

Por tanto na etapa da **educación primaria**, destacamos diferentes **necesidades:**

- 1.3. Traballar a integración nas aulas e no centro.
- 1.4. Traballar o control postural.
- 1.5. Concienciar ás familias da importancia da lectura e de adicarlle un pouco de tempo á atención dos seus fillos (Vixiar que as tarefas escolares estean feitas, control a través da axenda...)
- 1.6. Traballar cos nenos/as e coas familias os perigos do abuso da exposición a pantallas
- 1.7. Traballar na importancia do almorzo.
- 1.8. Asesoramos sobre as técnicas de estudo e hábitos de traballo
- 1.9. A hixiene persoal.

## **3.- OBXECTIVOS XERAIS**

1. Impulsar o desenvolvemento psicosocial dos/as alumnos/as.
2. Optimizar os procesos de ensino-aprendizaxe.



CEP PLURILINGÜE IGREXA-VALADARES  
Camiño Caseiro, s/n  
36314 Vigo (Pontevedra)  
Teléfono: 886 111135 FAX: 886 111137  
E-mail: [ceip.igrexa.valadares@edu.xunta.es](mailto:ceip.igrexa.valadares@edu.xunta.es)  
<http://www.edu.xunta.es/centros/cepigrexavaladares/>



3. Coordinar a acción educativa do equipo docente do grupo.
4. Orientar aos pais e nais no seu labor educativo.
5. Propiciar a igualdade entre homes e mulleres mediante a elaboración de programas a través de dinámicas de grupo e cohesión.
6. Colaborar na programación de actividades de convivencia e na posta en práctica do Plan de Convivencia do centro .
7. Obxectivos coeducativos desenvolvidos a través do Plan de Igualdade do noso centro educativo.

#### **4.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:**

##### **Centrados no alumnado:**

**1. Facilitar a integración** dos/as alumnos/as no grupo clase e na dinámica escolar, solicitando a axuda da familia para que esa adaptación sexa o máis natural posible.

- Crear un clima positivo de confianza e comunicación.
- Ter unha visión da estrutura do grupo clase.
- Organizar e distribuír responsabilidades conseguindo a funcionalidade básica dos responsables participando todos/as os/as alumnos/as.
- Establecer de forma conxunta as “normas” e consecuencias que se deriven do seu cumprimento.
- Crear un clima no grupo que permita desenvolver con normalidade as tarefas ordinarias.
- Vivir a clase e o centro como seu.
- Coidar e traballar actividades sobre as emocións



CEP PLURILINGÜE IGREXA-VALADARES  
Camiño Caseiro, s/n  
36314 Vigo (Pontevedra)  
Teléfono: 886 111135 FAX: 886 111137  
E-mail: [ceip.igreja.valadares@edu.xunta.es](mailto:ceip.igreja.valadares@edu.xunta.es)  
<http://www.edu.xunta.es/centros/cepigrexavaladares/>



## **2. Contribución á personalización dos procesos de ENSINO-APRENDIZAXE e organización e funcionamento do grupo – clase.**

- Destacar a importancia da motivación.
- Mellorar a actitude ante o estudo.
- Coñecer e valorar as condicións ambientais e os factores persoais que incidan na aprendizaxe.
- Analizar a distribución do tempo na planificación do estudo.

## **3. Desenvolvemento das ACTITUDES PARTICIPATIVAS no centro e no contorno sociocultural.**

## **4. Fomentar o desenvolvemento da identidade persoal procurando desenvolver nos/as alumnos/as un autoconcepto e autoestima axeitados.**

## **5. Contribuir á individualización e personalización dos procesos de aprendizaxe a a atención á diversidade**

## **6. Aplicación do PROGRAMA de HÁBITOS DE TRABALLO E TÉCNICAS DE ESTUDO:**

- Adquisición e mellora dos hábitos de traballo.
- Comprender que é o estudo.
- Aplicar este procedemento de forma autónoma e voluntaria.
- Desenvolver a súa capacidade de autoavaliación ante o estudo.
- Valorar ditas técnicas como procedementos para realizar o seu traballo diario.
- Aprender a planificar: aproveitando o tempo, coidando a orde, analizando as prioridades antes de actuar.
- Desenvolver a responsabilidade no traballo persoal, no exercizo dos seus dereitos e deberes, tanto individualmente como en grupo.



CEP PLURILINGÜE IGREXA-VALADARES  
Camiño Caseiro, s/n  
36314 Vigo (Pontevedra)  
Teléfono: 886 111135 FAX: 886 111137  
E-mail: [ceip.igrexa.valadares@edu.xunta.es](mailto:ceip.igrexa.valadares@edu.xunta.es)  
<http://www.edu.xunta.es/centros/cepigrexavaladares/>



7. Fomentar no grupo de alumnos a **mellora da convivencia** a través de programas e actividades de tutoría.

8. **Avaliar** de xeito sistemático o **proceso de ensinanza-aprendizaxe** co fin de axustar a programación ás necesidades educativas do grupo.

9. Coordinar o proceso de avaliación dos/as alumnos/as e **asesorar e orientar sobre a promoción** de curso.

10. **Incorporar programas cognitivos-condutuais** relacionados cos **problemas de conduta**, a dinámica de grupos e a igualdade entre homes e mulleres.

11. Favorecer a responsabilidade e autonomía. **Desenvolvemento persoal e adaptación escolar**

1. Desenvolver unha autonomía progresiva na realización das actividades.
2. Coñecer, valorar e respectar as distintas formas de comportamento.
3. Investigar o contorno: manifestacións culturais, profesionais, roles...
4. Colaborar na planificación e realización das actividades do grupo, aceptar as normas respectando os distintos puntos de vista e asumindo as responsabilidades que lle correspondan.
5. Fomentar a mellora da autoestima e autoconcepto.

12. Profundizar na **TOLERANCIA E CONVIVENCIA NO CENTRO**.

- Fomentar actitudes de tolerancia e respecto cara aos demais.



CEP PLURILINGÜE IGREXA-VALADARES  
Camiño Caseiro, s/n  
36314 Vigo (Pontevedra)  
Teléfono: 886 111135 FAX: 886 111137  
E-mail: [ceip.igrexa.valadares@edu.xunta.es](mailto:ceip.igrexa.valadares@edu.xunta.es)  
<http://www.edu.xunta.es/centros/cepigrexavaladares/>



- ❑ Tomar conciencia dos graves problemas e desigualdades sociais existentes asumindo actitudes críticas.
- ❑ Potenciar a capacidade expresiva e comunicativa.
- ❑ Potenciar o desenvolvemento das relacións e vínculos afectivos.
- ❑ Favorecer o desenvolvemento da identidade persoal e a autonomía.
- ❑ Aplicación de técnicas de dinámica de grupos.
- ❑ Atención aos alumnos con N.E.E. e con desvantaxe por razóns socioculturais.

#### **Centrados no equipo docente:**

- Coordinar a información acerca dos/as alumnos/as que teñen os diferentes profesores/as que inciden sobre o grupo.
- Coordinar o axuste das programacións do grupo do alumnado, en especial para aqueles alumnos con necesidades educativas especiais ou de apoio.
- Coordinar o proceso de avaliación e recoller a información de cada alumno/a.
- Apoiar a actuación do profesorado proporcionándolle información sobre recursos, medios materiais, didácticos e estratexias metodolóxicas que poidan favorecer o seu labor docente e titorial.
- Posibilitar liñas comúns de actuación con outros/as titores/as, no marco do Proxecto Educativo.
- Organizar a formación mediante grupos de traballo relacionados coa resolución de conflitos.
- Fomentar no profesorado a igualdade entre homes e mulleres.

#### **Centrados nas familias:**

1. Contribuír ao establecemento dunhas relacións fluídas cos pais, nais, titores legais. Facilitando a conexión familia – centro.
2. Implicar á familia en actividades de apoio e orientación dos seus fillos, implicalas na mellora da convivencia do centro.
3. Informar, asesorar e orientar aos pais en todos aqueles asuntos que afecten á educación dos seus fillos.
4. Pedir a colaboración dos pais/nais nas actividades complementarias do centro, e a súa participación en actividades organizadas pola Comunidade educativa.





CEP PLURILINGÜE IGREXA-VALADARES  
Camiño Caseiro, s/n  
36314 Vigo (Pontevedra)  
Teléfono: 886 111135 FAX: 886 111137  
E-mail: [ceip.igrexa.valadares@edu.xunta.es](mailto:ceip.igrexa.valadares@edu.xunta.es)  
<http://www.edu.xunta.es/centros/cepigrexavaladares/>



5. Implicar ás familias na mellora da convivencia do centro.

### **Centrados no Equipo directivo do centro**

1. Dispoñer da información sobre Acción tutorial que chegue ao centro.
2. Colaborar na optimización do rendemento académico e educativo no centro.
3. Favorecer a inclusión do Plan de Acción Tutorial no P.E.
4. Colaborar coa orientadora e cos responsables da orientación nas actuacións que se leven a cabo.
5. Dinamizar a revisión do P.E.
6. Sería importante planificar no horario un tempo destinado ao desenvolvemento da Acción tutorial.
7. Colaborar na planificación e asesoramento de actividades de convivencia.

13. Desenvolver obxectivos coeducativos a través do plan de igualdade do centro:

1. Promocionar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
2. Previr, detectar e intervir en casos de violencia de xénero.
3. Promover o respecto pola diversidade afectivo-sexual.
4. Previr, detectar e intervir en caso de LGBTIfobia.

### **EDUCACIÓN PRIMARIA:**

#### **Centradas nos/as alumnos/as**

<b>ACTIVIDADES</b>	<b>TEMPORAL</b>	<b>RECURSOS</b>
Actividades de ACOLLIDA aos alumnos/as novos, e nos cambios de curso.  Establecemento de NORMAS de funcionamento na clase (NOF).		<ul style="list-style-type: none"><li>- Horarios de clase.</li><li>- Modelo de Fichas</li><li>- Carpeta de tutoría</li><li>- Elección dos/das</li></ul>

Presentación de HORARIOS.	SETEMBRO	delegados/as e subdelegados/as de cada clase home e muller.
Entrevista ao inicio das clases cos pais de nenos/as novos/as.  Elaboración de rexistros escritos dos datos recollidos.  Reunión Xeral de principio de curso Reunións cos pais de nova incorporación.	SETEMBRO _	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Titor/a</li> <li>- Dirección.</li> <li>- Departamento de Orientación.</li> </ul>
Actividades de Titoría-ACOLLIDA dirixida ao ALUMNADO INMIGRANTE, ao ALUMNADO NOVO	AO LONGO DO CURSO	<input type="checkbox"/> Fichas do caderno de titoría
Desenvolver o PROGRAMA "CAMIÑA CON NÓS POLA IGUALDADE" para 1º e 2º curso.	AO LONGO DO SEGUNDO TRIMESTRE.	<input type="checkbox"/> Equipo Docente.
Formar aos alumnos/as de quinto de primaria no PROGRAMA DE MEDIADORES.	NO SEGUNDO E TERCEIRO TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> Orientadora.</li> <li><input type="checkbox"/> Alumnado de quinto</li> </ul>
Implementar o PROGRAMA DE MEDIADORES no sexto curso	AO LONGO DO CURSO	<input type="checkbox"/> Carpeta de mediadores,

		<p>chalecos, táboas de escritura de actas de mediación.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> Alumnado de sexto de primaria</li> <li><input type="checkbox"/> Orientadora.</li> </ul>
<p>O equipo de mediación realizará ESLOGANS que traten SOBRE A IGUALDADE. Farase algún mural polos corredores con mensaxes positivas (p. ex. <i>Xogando aprendemos a seren iguais</i>).</p>	<p>DURANTE O SEGUNDO E TERCEIRO TRIMESTRE.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> Orientadora.</li> <li><input type="checkbox"/> Sensibilizar ao alumnado a través dunha campaña informativa.</li> </ul>
<p>Solicitud de INTERVENCIÓN ou asesoramento DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN para os casos que o requiran</p>	<p>AO LONGO DO CURSO</p>	<p>– Modelo de derivación.</p>
<p>Probas para elaborar unha avaliación inicial do alumno/a que permita coñecer o seu nivel académico.</p>	<p>AO LONGO DO CURSO</p>	<p>– Titor/a e Departamento de Orientación</p>
<p>Coñecemento dos HÁBITOS DE</p>	<p>TERCEIRO</p>	<p>Presentación.Rexistros</p>

ESTUDO e estilo de aprendizaxe	TRIMESTRE	de observación
Establecemento das <b>NECESIDADES DE APOIOS E REFORZOS</b> educativos.	PRIMEIRO  TRIMESTRE e ao longo do curso.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Departamento de Orientación</li> </ul>
Coordinación de actividades que fomenten a <b>CONVIVENCIA</b> : participación no observatorio de convivencia.	AO LONGO DO CURSO	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Titorías,</li> <li>• Equipo docente,</li> <li>• Comisión de Convivencia.</li> <li>• Equipo de mediadores.</li> </ul>
Conversacións periódicas cos/coas alumnos/as sobre a importancia de vir limpos e aseados á escola.	AO LONGO DO CURSO	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Titorías</li> </ul>
Desenvolvemento <b>Dunha AUTOESTIMA positiva.</b>  <b>Estratexias de mellora</b>	AO LONGO DO CURSO	6. Titorías
<b>ORIENTACIÓN ACADÉMICA</b> <b>alumnado de sexto curso.</b>	AO LONGO DO CURSO	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Folleto informativo</li> <li>✓ Xuntanza informativa</li> <li>✓ Visita ao IES</li> </ul>

		Valadares.  ✓ Charlas ás familias.
Adopción de MEDIDAS de atención á diversidade (ACS,RE ...)	AO LONGO DO CURSO	<input type="checkbox"/> Proxecto Educativo <input type="checkbox"/> Plans do D.O. <input type="checkbox"/> PxAD
CARPETAS DE TITORÍA para todos os niveis (contidos según decisión do equipo docente e Departamento de orientación)	AO LONGO DO CURSO	<input type="checkbox"/> Departamento orientación. <input type="checkbox"/> Bibliografía do Departamento. <input type="checkbox"/> Equipo Docente <input type="checkbox"/> Carpetas de titoría no D.O. ou materiais
<p>- Lavar as mans antes e despois da merenda e despois do recreo.</p> <p>- Fomentar os hábitos de cortesía.</p> <p>- Aprendizaxe de hábitos: saúdar-despedirse, recoller e ordenar, atar os zapatos, ...</p> <p>- Presentación das tarefas</p>	AO LONGO DO CURSO	<input type="checkbox"/> Titorías

limpas, coidadas e ordenadas.		
Facilitar a autonomía persoal.	AO LONGO DO CURSO	<input type="checkbox"/> TITORÍAS
ACTIVIDADES de coñecemento do grupo clase.	AO LONGO DO CURSO	<input type="checkbox"/> Departamento de Orientación
Desenvolvemento de hábitos básicos de convivencia.  Desenvolvemento dos CONTIDOS TRANSVERSAIS.	AO LONGO DO CURSO	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Plan de convivencia</li> <li>• Actividades de titoría.</li> <li>• Colaboración co concello na procura de sensibilizar, orientar, informar e divulgar no eido da prevención. Destinados aos alumnos/as de sexto e as súas familias.</li> </ul>
Desenvolvemento dos CONTIDOS TRANSVERSAIS:	NO PRIMEIRO E NO	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Charlas do concello de Vigo, "Programa de</li> </ul>

<p>Intervención preventiva para o alumnado de sexto nivel.</p>	<p>SEGUNDO TRIMESTRE</p>	<p>sensibilización con mensaxes preventivas”</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Habilidades Sociais, Redes sociais. Videoxogos, Drogas e tabaco e alcohol.</li> </ul>
<p>Desenvolvemento dos CONTIDOS TRANSVERSAIS:  Charlas para o alumnado de quinto e sexto nivel.</p>	<p>DURANTE O PRIMEIRO TRIMESTRE</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Participamos no Plan Director para a convivencia e a mellora da seguridade no centro educativo.</li> <li>• Acoso Escolar</li> <li>• Violencia de xénero</li> <li>• Novas Tecnoloxías.</li> </ul>
<p>Facilitar a integración do alumno/a no grupo-clase e no Centro.  Facilitar a cohesión do grupo.</p>	<p>AO LONGO DO CURSO</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Titorías</li> </ul>

<p>Fomentar a socialización a través de traballos que impliquen dinámica de grupos.</p> <p>Constituir equipos de traballo representados ao 50% por homes e mulleres.</p>	<p>AO LONGO DO CURSO</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Titorías</li> </ul>
<p>Realización de PROGRAMAS VARIADOS en función dos cursos.</p>	<p>AO LONGO DO CURSO</p>	<p>Departamento de orientación</p> <p>Concello</p> <p>Xunta de Galicia</p>
<p>Avaliación periódica do traballo de cada alumno/a e anotación no rexistro individual do alumno: avances e retrocesos.</p>	<p>AO LONGO DO CURSO</p>	<p>Titor/a</p> <p>Equipo Docente</p>
<p>Dar resposta educativa axeitada ás dificultades de aprendizaxe que se produzan.</p>	<p>AO LONGO DO CURSO</p>	<p>Departamento de Orientación</p> <p>Titor/a</p> <p>Equipo Docente</p>
<p>Detectar dificultades nas aprendizaxes instrumentais: lectura, escritura, cálculo, resolución de problemas.</p>	<p>AO LONGO DO CURSO</p>	<p>Titor/a</p> <p>Departamento de Orientación</p>



		Equipo Docente Observación Directa
Desenvolver técnicas e hábitos de estudio.	AO LONGO DO CURSO	Orientadora (Prioritario para o sexto nivel)
Traballar durante todo o ano nun PROXECTO INTERDISCIPLINAR: “Descubriendo o Norte”: carreiras de orientación.	AO LONGO DO CURSO	Mestre de E.F. Titorías
XORNADAS DE ACOLLIDA dos centros adscritos. Charlas informativas. Portas abertas...	MAIO-XUÑO	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Equipo directivo.</li> <li>• Departamento de Orientación</li> </ul>
INFORMACIÓN ao alumnado do I.E.S. adscrito	TERCEIRO TRIMESTRE	- Departamento de Orientación.
Titores/as Colaboración con outras institucións na planificación de programas	AO LONGO DO CURSO	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Concello</li> <li>• Outros centros docentes</li> </ul>
Actividades que desenvolvan os contratos programa: Inclúe-t, Convive-t. Igualat-t, Innova	AO LONGO DO CURSO	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Titorías</li> <li>• Especialistas</li> <li>• Equipo directivo</li> <li>• Departamento de</li> </ul>

		<p>Orientación.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Organizacións e axentes externos</li> </ul>
<p>Organización e coordinación coas mestras do plan RECUPĒRA_T: ARCO E PROA</p>	<p>ARCO : 1º TRIMESTRE (4º e 5º)</p> <p>PROA : TODO O CURSO PARA 6º</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Titoras</li> <li>• Especialistas</li> <li>• Equipo Directivo</li> <li>• Departamento de Orientación</li> </ul>

**Centradas no Equipo docente:**

ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN	RECURSOS
<p>Recollida de información</p> <p><b>Propostas do Profesorado</b></p>	<p>AO LONGO DO CURSO</p>	<p>– Xuntanzas de coordinación de nivel.</p>
<p>Información sobre o</p> <p><b>alumnado ao profesorado</b></p>	<p>AO LONGO DO CURSO</p>	<p>1. Xuntanzas do profesorado.</p> <p>– Departamento de Orientación</p>
<p>Revisión do Plan de Acción Titorial</p>	<p>AO LONGO DO CURSO</p>	<p>□ Xuntanzas do claustro</p>
<p>Sesións de avaliación e</p>	<p>AO LONGO DO</p>	<p>– Xuntanzas de equipo</p>

estudio dos resultados e medidas a adoptar.	CURSO	docente.
Decisión sobre a promoción ou permanencia no curso	3º TRIMESTRE	Criterios de promoción e permanencia.  Xuntanzas de equipos docentes.
Reunións do profesorado	AO LONGO DO CURSO	- Calendario de reunións
<b>Actividades de formación</b>	AO LONGO DO CURSO	- Asistencia a cursos de formación.  - Charlas.  - Grupos de traballo.
Colaborar e participar nos <b>grupos de traballo</b> propostos no centro	AO LONGO DO CURSO	- Equipo Docente.
Colaborar e participar no <b>Faro da Escola.</b>	PRIMEIRO E SEGUNDO TRIMESTRE	- Equipo Docente.

### Centradas nas nais / pais:

ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN	RECURSOS
<p>Desenvolvemento dos CONTIDOS TRANSVERSAIS: Información preventiva e informativa ás familias do alumnado de sexto nivel.</p>	<p>DURANTE O PRIMEIRO E SEGUNDO TRIMESTRE</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Charlas a través do Concello de Vigo: "Programa máis que un teito":</li> </ul>
<p>Datos persoais do alumnado</p>	<p>SETEMBRO</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Ficha persoal do alumno/a</li> <li>Expediente académico do alumno/a.</li> </ul>
<p>Información trimestral escrita dos resultados de avaliación do alumno/a</p>	<p>1º, 2º e 3º TRIMESTRE</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Boletíns de notas</li> </ul>
<p>Sensibilizar ás familias para rexeitar o contido sexista e violento de moitos xogos e xoguetes e contribuir así ao desenvolvemento de actividades e</p>	<p>NO PRIMEIRO TRIMESTRE. (Nas vacacións de Nadal)</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Notas informativas ás familias: Potenciar os xoguetes cooperativos e os xoguetes non sexistas.</li> </ul>

comportamentos de cooperación, respecto ás diferenzas e relacións de igualdade entre os nenos e nenas.		
Entrevistas persoais individuais e información periódica sobre conduta e rendemento académico dos seus fillos/as.	AO LONGO DO CURSO	– Horario de atención aos pais /nais
Solicitud de colaboración e participación nas actividades organizadas pola comunidade educativa	AO LONGO DO CURSO	– Equipo Directivo – Equipo docente – Depart.Orientación
Información sobre orientación académica	MAIO- XUÑO	– Departamento de Orientación
Asesoramento e apoio ás familias	AO LONGO DO CURSO	– Departamento de Orientación.
Favorecerase a inclusión da muller/home en	NO PRIMERIO TRIMESTRE	– Equipo directivo.



CEP PLURILINGÜE IGREXA-VALADARES  
 Camiño Caseiro, s/n  
 36314 Vigo (Pontevedra)  
 Teléfono: 886 111135 FAX: 886 111137  
 E-mail: [ceip.igreja.valadares@edu.xunta.es](mailto:ceip.igreja.valadares@edu.xunta.es)  
<http://www.edu.xunta.es/centros/cepigrexavaladares/>



<p>actividades deportivas tradicionalmente asignadas a un dos sexos, en todos os</p> <p>FOLLETOS DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES organizadas pola ANPA, co fin de afondar na INCLUSIÓN DA MULLER EN ACTIVIDADES DEPORTIVAS.</p>		<p>- ANPA</p>
--	--	---------------

## 5.- METODOLOXÍA

A proposta de actuacións deixa aos titores/as unha ampla marxe de autonomía co fin de que poidan axustarse á realidade de cada grupo e ás características individuais do alumnado. Deste xeito os titores/as deixan de ser meros executores dun plan previamente establecido e pasan a ter un papel activo nas decisións relativas aos obxectivos e contidos planificados. No CEP Plurilingüe Igrexa-Valadares non existe unha hora destinada a titoría senón que se realiza durante o proceso de ensinanza-aprendizaxe, e á atención é en grupo de cara a desenvolver o PAT. .

a) Unha guía, na que se detallan os obxectivos perseguidos, o procedemento para desenvolver a actividade e os recursos necesarios para facela.



CEP PLURILINGÜE IGREXA-VALADARES  
Camiño Caseiro, s/n  
36314 Vigo (Pontevedra)  
Teléfono: 886 111135 FAX: 886 111137  
E-mail: [ceip.igrexa.valadares@edu.xunta.es](mailto:ceip.igrexa.valadares@edu.xunta.es)  
<http://www.edu.xunta.es/centros/cepigrexavaladares/>



b) O material didáctico para o alumnado ou os pais e nais. Tratará de facerse un tratamento personalizado, promovendo a atención individual ao alumnado que o necesite. Dende a titoría potenciarase o coñecemento do alumnado a través de:

- Revisión de expedientes
- Reunións de equipos docentes
- Aplicación de cuestionarios persoais
- Cumplimentación da ficha de titoría
- Entrega de trípticos
- Pautas ás familias
- Pautas ao profesorado
- Entrevistas

## **6.- AVALIACIÓN**

Escalas de observación, enquisas, entrevistas, reunións entre os distintos participantes... Os **criterios de avaliación** defínense como:

- Grao de consecución dos obxectivos. Pais/ nais , profesorado e alumnado
- Adecuación das actividades aos destinatarios.
- Adecuación e suficiencia dos recursos.
- Adecuación da temporalización.
- Implicación dos participantes. Asistencia, participación, colaboración



CEP PLURILINGÜE IGREXA-VALADARES  
Camiño Caseiro, s/n  
36314 Vigo (Pontevedra)  
Teléfono: 886 111135 FAX: 886 111137  
E-mail: [ceip.igreja.valadares@edu.xunta.es](mailto:ceip.igreja.valadares@edu.xunta.es)  
<http://www.edu.xunta.es/centros/cepigrexavaladares/>



- Grao de satisfacción dos implicados.

A valoración sobre os criterios de avaliación realízase de xeito cualitativo e recóllese nunha **folia de rexistro**.

### REGISTRO DE AVALIACIÓN DO P.A.T.

<p>Grao de consecución dos obxectivos.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>4. Pais/nais</li><li>5. Profesores/as</li><li>6. Alumnos/as</li></ul>
<p>Adecuación das actividades ós destinatarios:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>● Realizáronse (si/non).</li><li>● Suprimíronse (causas)</li></ul>
<p>Adecuación e suficiencia dos recursos.</p> <ul style="list-style-type: none"><li><input type="checkbox"/> Utilizáronse todos,</li><li><input type="checkbox"/> Faltou algo...</li></ul>
<p>Adecuación da temporalización.</p>





CEP PLURILINGÜE IGREXA-VALADARES  
Camiño Caseiro, s/n  
36314 Vigo (Pontevedra)  
Teléfono: 886 111135 FAX: 886 111137  
E-mail: [ceip.igrexa.valadares@edu.xunta.es](mailto:ceip.igrexa.valadares@edu.xunta.es)  
<http://www.edu.xunta.es/centros/cepigrexavaladares/>



**Implicación dos participantes:**

1. Asistencia.
2. Participación.
3. Colaboración.

**Grao de satisfacción dos implicados:**

- Pais/nais
- Profesores/as
- Alumnos/as

**Sinala algunha proposta para mellorar o PAT de cara o vindeiro curso:**